

### Programa de actos

12.00 h. Ofrenda na Catedral de Santiago

14.00 h. Aperitivo e xantar no Hostal dos Reis Católicos

17.00 h. Entrega dos premios Santa Bárbara no Hostal dos Reis Católicos

### Máis información

981 139 663

[cmg@camaraminera.org](mailto:cmg@camaraminera.org)

[www.camaraminera.org](http://www.camaraminera.org)



**CÁMARA OFICIAL  
MINEIRA DE GALICIA**


Pol. Matogrande  
Rúa María Puga Cerdido  
Edif. Lugrís Vadillo s/n  
15009 A Coruña  
Tel.: 981 139 663  
Fax: 981 139 664  
[cmg@camaraminera.org](mailto:cmg@camaraminera.org)  
[www.camaraminera.org](http://www.camaraminera.org)

Co apoio de



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Industria,  
Enerxía e Minas

Presentes no futuro



**CÁMARA OFICIAL  
MINEIRA DE GALICIA**

## *III Edición Premios Santa Bárbara*



*Xoves 3 de decembro de 2009  
Santiago de Compostela*

## III Edición

### Premios Santa Bárbara da Cámara Mineira 2009

A Cámara Oficial Mineira de Galicia –entidade de dereito público e corporación representativa das empresas mineiras da comunidade galega–, quere destacar a importancia que o sector mineiro ten tanto no tecido industrial, coma no desenvolvemento da sociedade. Neste sentido, convoca a III Edición dos *Premios Santa Bárbara*, para recoñecer o labor de todos os integrantes da comunidade mineira de Galicia, estimular a súa contribución ao desenvolvemento do sector, e achegar e dar a coñecer o sector mineiro á sociedade, poñendo de manifesto a súa relevancia.

## BASES

### 1. PREMIOS

Os premios teñen unha periodicidade anual e consistirán nunha distinción de carácter honorífico. Están orientados a aqueles profesionais, empresas, entidades ou organismos vinculados ao sector mineiro galego. Establécense dúas modalidades:

- **Traxectoria:** recoñecemento a unha carreira meritoria que destaque polo seu bo facer no eido da minaría
- **Comunicación:** premia o labor de difusión da realidade mineira dirixida a un mellor coñecemento do sector e á súa promoción.

### 2. CANDIDATURAS

- Poderán optar aos premios todas aquelas empresas, entidades ou persoas vinculadas ao sector mineiro galego, ou relacionadas coa temática do premio.

- As candidaturas poderán ser presentadas polo propio interesado ou por calquera persoa ou entidade que desexe propoñer un candidato. Para iso deberán encher o formulario de solicitude que poden obter na sede da Cámara Mineira ou na sección *Comunidade Mineira* da páxina web [www.camaramineira.org](http://www.camaramineira.org) (enlace: [www.camaramineira.org/ver/comunidad.html](http://www.camaramineira.org/ver/comunidad.html)). Poderán achegar todos aqueles documentos que consideren oportunos para xustificar os méritos que moven a súa presentación.
- A solicitude deberá ser remitida á Cámara Mineira por fax (981 139 664), correo electrónico ([cmg@camaramineira.org](mailto:cmg@camaramineira.org)) ou correo postal (C/ María Puga Cerdido, Edif. Lugrís Vadillo s/n, 15009 A Coruña).
- O **prazo de admisión de candidaturas** finaliza o luns **16 de novembro**, inclusive.
- Os datos achegados serán considerados como confidenciais e non poderán ser publicados nin divulgados sen autorización dos interesados.

### 3. XURADO

- O xurado comporase de sete membros da comunidade mineira galega. Estará presidido polo Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia ou a persoa en quen delegue, e contará cun representante das vogalías Áridos, Augas Minerais, Granito e Lousa da Xunta Directiva da Cámara Mineira, así como dous membros da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.
- Non poderán exercer como membros do xurado aquelas persoas que concorran aos premios ou que pertencen a algunha empresa ou entidade candidata.
- O xurado poderá solicitar aos candidatos a información adicional que considere necesaria para tomar a súa decisión.
- A decisión do xurado será tomada por maioría simple e será inapelable. En caso de empate, este será resolto polo voto de calidade do Presidente do xurado.
- A resolución do xurado comunicárase aos participantes e difundirase a través da páxina web da Cámara Mineira con anterioridade á entrega dos premios, que terá lugar durante a festividade de Santa Bárbara.